



MANUEL RODRÍGUEZ, DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA (AGACAL)



"Os traballadores do rural teñen que ter unha estabilidade retributiva para permanecer nas granxas"

A Consellería do Medio Rural presentou a principios de xullo un balance da oferta formativa agrícola e gandeira na última década cun rexistro de máis de 64.000 persoas formadas e o sector gandeiro galego segue a demandar man de obra cualificada. Falamos con Manuel Rodríguez, director da Agacal, sobre formación, investigación e calidade dos produtos agroalimentarios, as tres grandes áreas nas que está especializada esta entidade.

Cal foi o motivo da súa creación, hai apenas un ano, e con que obxectivos naceu esta Axencia?

A pregunta non é por que, senón por que non se fixo antes. A Axencia é unha ferramenta que une tres grandes áreas: investigación e innovación, formación e calidade diferencial. Son tres piares que se complementan e que comparten un cuarto concepto, o de transferencia.

A día de hoxe contamos con catro centros de investigación: o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia (Lafiga); o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), centrado no mundo máis agrogandeiro de Galicia; a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega), e o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, de referencia a nivel estatal tanto en investiga-

cións relacionadas coa silvicultura e a ordenación como na loita contra incendios.

Os catro centros dependen desta Axencia e as súas investigacións son fundamentais para o desenvolvemento do sector agrario, para que sexa líder a nivel estatal e europeo. A competencia é brutal e a innovación é clave para que este sector non quede atrás. A través da transferencia e da formación os sectores coñecen os resultados dos proxectos de investigación e teñen a posibilidade de competir nunha situación de liderado.

A terceira área coa que traballamos é a calidade diferencial, unha calidade voluntaria que fai de escaparate do noso colectivo agroalimentario. Está amparada a través de distintos selos, os máis coñecidos son as DO, denominacións de orixe; as IXP, indicacións xeográficas protexidas, e as ETG, especialidades tradicionais garantidas. Así, Galicia é a terceira comunidade de España por número de indicacións xeográficas, só superada por Andalucía e Cataluña, comunidades que nos triplican por poboación e por superficie.

Así, xuntamos nunha única ferramenta, nunha única estratexia o máis destacado do sector agrario galego: innovación, transferencia, formación e calidade diferencial. Ese é o concepto de creación da Agacal.



Francisco Valladares, presidente do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega); José González, conselleiro do Medio Rural, e Manuel Rodríguez, na presentación do balance da oferta formativa

► “A TRAVÉS DA TRANSFERENCIA E DA FORMACIÓN OS SECTORES COÑECEN OS RESULTADOS DAS INVESTIGACIÓNS E TEÑEN A POSIBILIDADE DE COMPETIR NUNHA SITUACIÓN DE LIDERADO”

En canto á formación acaban de facer balance do curso pasado e de presentar algunhas novidades. Podería comentarnos ambas as liñas?

O primeiro que fixemos cando creamos a Axencia foi intentar ter unha foto fixa de cal era a demanda e a realidade da formación agraria galega. O que fixemos foi unha análise a través dunhas enquisas feitas ao sector, aos distintos operadores que consideramos relevantes, que nos facilitase ter unha visión do que necesitaba o noso agro, de como estaba o sistema formativo agrario galego, que eivas tiña, que lle faltaba e que lle sobraba.

Con estes resultados estamos rematando o Plan Estratéxico da Formación Agraria Galega, que verá a luz nos próximos meses. Con el tentaremos completar as eivas e reforzar as fortalezas, afondar na formación regrada, adaptar os ciclos ás necesidades e ás solicitudes destas enquisas, actualizar a formación continua que se dá a través de operadores, de asociacións, de sindicatos, de empresas e tamén renovar a formación continua que se imparte por medio do persoal da Consellería do Medio Rural.

Queremos deixar un documento, unha estratexia de futuro para a formación do agro galego para os próximos dez anos. Creo que é un documento dos máis importantes nos que levo participado.

Un dos problemas actuais do sector lácteo segue a ser a falta de man de obra cualificada. Cales son as trabas para non ter unha formación profesional que resolva as carencias reais?

Nós facemos unha formación á carta, é dicir, tanto a Consellería do Medio Rural como a Axencia Galega da Calidade Alimentaria proporcionan a formación que nos demanda o sector. Se o sector necesita unha formación para calquera traballador dunha granxa, non teñan ningunha dúbida de que se lle pode dar.

Posiblemente este é o mundo que máis formación tivo nos últimos anos. Os ciclos dos centros de formación da Consellería do Medio Rural que máis solvencia e presenza teñen no territorio son os relativos á xestión das granxas de leite. Hoxe en Galicia podemos contabilizar cerca de 400 alumnos entre todos os centros de formación en ciclos de grao medio e superior de gandería.

Iso si, cando un dos nosos rapaces sae da escola de formación leva 4.000 horas de formación ás costas. O empresario agrario, que é como ten que concibirse a si mesmo, ten que entender que contrata a unha persoa con máis de 4.000 horas de formación práctica e teórica e que é un profesional de cara á xestión dunha granxa. Hai persoal formado en Galicia, sobradamente formado, o que temos todos que entender é que a ese per-

soal hai que retribuílo adecuadamente, porque se ese rapaz ou esa rapaza non recibe un soldo digno, non quedará no sector, non quedará no rural. Hai que diferenciar entre non atopar xente formada e non pagarlle á xente formada; son cousas ben distintas. Cústame compartir a diagnose de que no sector gandeiro a día de hoxe non existan profesionais formados, porque si os hai.

Outra cuestión pode darse tamén en temas moi específicos que requiran formación moi concreta, como poden ser o manexo de novas tecnoloxías, novas instalacións... e para iso xa facemos formación *ad hoc*, específica para eses procesos.

O que é moi importante é mentalizarse de que os traballadores do rural teñen que ter unha estabilidade retributiva para permanecer nas granxas.

De que solución se dispón para esa formación máis específica demandada, sobre todo por empresas proveedoras ou de servizos agrogandeiros?

Consiste en dar unha formación que non é a regrada. Imos supoñer que se necesita unha formación de 10 horas, de 20 horas, para o manexo dun robot determinado; iso sería o que chamamos formación continua. Ese curso pódese deseñar de distintos xeitos, evidentemente sempre financiado pola Administración: co persoal propio ou, se non chega, botando man de perfís profesionais de empresas ou doutros colectivos. O curso deseñárase *ad hoc*, a demanda do sector.

O sector e a Administración teñen que ter un fluxo de información continua. A Administración non pode estar xorda ás demandas do sector, primeira autocrítica, e o sector ten que acostumarse a demandarlle as necesidades á Administración. ►►

► “CANDO UN VAI PAGAR A CESTA DA COMPRA, O TÍCKET É ALGO MÁIS CA UN TÍCKET, É UN CONTRATO CO RURAL GALEGO”

Nós podemos vaticinar a través deste Plan Estratéxico cal vai ser a formación necesaria nos próximos dez anos, pero seguramente dentro deste tempo haberá unha máquina, que a día de hoxe está sen inventar, para a que se necesitará un operario que a saiba manexar ou reparar. A formación require dun plan a longo prazo, pero tamén ten que ter a suficiente capacidade de adaptación para poder darlle resposta a cada innovación que vaia chegando. Debemos ser o suficientemente versátiles para encaixar dentro destes programas de formación continua e de transferencia as necesidades do sector. Creo que é o camiño correcto.

En canto á investigación en materia agraria o centro de referencia é o CIAM. Que liñas de traballo se están desenvolvendo?

Agora mesmo no CIAM podemos estar traballando nuns 56 proxectos de investigación que tocan todos os eidos do mundo máis agrogandeiro de Galicia.

Que sería do millo híbrido en Galicia sen o CIAM? Todo o desenvolvemento dos millos híbridos en Galicia, que son base da alimentación da nosa produción láctea, está baseado nos estudos deste centro. Sen iso non existirían as explotacións intensivas en Galicia que nos levaron a contar case co 50 % da produción láctea española, sempre con base forraxeira.

Evidentemente o CIAM segue na mesma liña, traendo e probando en Galicia as diferentes liñas de produción de forraxes de referencia no marco estatal, europeo e mundial, ben sexan leguminosas, gramíneas, raigrás, colza... todo tipo de produtos forraxeiros.

Ademais, foi intensificando esforzos neste ano nas producións en ecolóxico desas mesmas forraxes, pois fáltanos experiencia de manexo en eco. Galicia ten que aspirar a ser autónoma en producións de forraxes neste eido e esa é unha das liñas estratéxicas coa que contamos a día de hoxe. Non se trata de cambiar nada, senón de estar sempre na punta de lanza das producións a nivel europeo e creo que o CIAM o está. Hai que presumir do que temos. A xente non é consciente do que representan os centros de investigacións agrarias para o colectivo agrario galego.

Que accións se levan a cabo no eido da calidade diferencial?

O mundo a día de hoxe é moi competitivo e a calidade dos produtos galegos en transformación debe manter un nivel destacado no marco europeo. Eu teño ben claro que cada euro investido en promoción dos produtos galegos en Galicia e fóra de Galicia ten retornos superiores ao 100 %.

Os galegos como pobo temos moitas fortalezas, pero temos, polo menos, unha eiva: non somos ás veces coñecedores do que temos ou non sabemos valoralo.

Non sei se todo o mundo é consciente do que cada un a nivel persoal pode facer polo rural galego e polos produtos galegos. Cando un vai pagar a cesta da compra, o tícket é algo máis ca un tícket, é un contrato co rural galego, cos produtos agroalimentarios, pois detrás de cada produto producido na nosa terra hai un labrego, hai un cortalumes, hai alguén que mantén o medio rural e aínda por riba cuns estándares de calidade sen comparación cos do resto de Europa.

Defendemos a promoción desa calidade; de feito, nós apoiamos dun xeito transversal a todos os consellos reguladores, un total de 36, financiando ata un 70 % dos gastos de promoción de todos os seus produtos; pero tamén hai que apostar polo autoconvencemento do rural e dos produtos que temos en Galicia. Creo que é un labor de todo o pobo galego e de todos nós axudar a entender o que somos, o que producimos e o que valemos, pero temos que crelo.

Para finalizar, cales son as expectativas de traballo da Axencia de cara ao futuro?

Mais alá de intentar adaptarnos ás necesidades do sector desenvolvendo este Plan Estratéxico a dez anos, imos intentar darlles forza á formación dual e aos certificados de profesionalidade. Son campos nos que a Consellería do Medio Rural non tivo tradicionalmente participación e cara aos que imos camiñar. Son as dúas novidades a desenvolver nestes dez anos.

Non quero rematar sen subliñar que Galicia non se entende sen o rural e, en cambio, nunha sociedade na que o urbano e o rural están tan interconectados custa ás veces facer entender o mundo rural. Nos últimos anos caemos moito no estereotipo dun rural arrastrado, dun rural a remolque, nun mundo que xa non existe. É unha imaxe que posiblemente entre todos temos que rebater. O rural galego ten problemas, é certo, como a maioría dos rurais europeos. Ten problemas estruturais, de despoboamento, de estrutura da propiedade, de incendios..., pero temos moitas fortalezas: produtos pioneiros a nivel europeo, producimos o 50 % do leite de España e con estándares de calidade máis altos que o resto do país, case o 50 % da madeira que se produce, o selo de Ternera Gallega é líder a nivel estatal, temos a segunda DO de queixos por facturación a nivel estatal... Somos líderes nun montón de sectores. Entón, como se compaxina a imaxe dese rural atrasado, dese rural a remolque, dese rural subvencionado con isto que estou a describir? Temos que loitar entre todos para situalo no lugar que lle corresponde. Estou canso desa imaxe estereotipada, hai que levantar a cabeza e ser conscientes do que temos sen ningún tipo de complexo. ■